



REGULAMENTO DA PROBA V MILLA URBANA SOLIDARIA



1. A Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia organiza en Pontevedra o 18 de novembro a V Milla Urbana Solidaria, proba oficial da FGA con distancia homologada.
2. A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial de probas en ruta.

3. Horario:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA	ANO de NACEMENTO
11:00	Sub10 Feminino	1 km	2010-2011
11:10	Sub10 Masculino	1 km	2010-2011
11:20	Sub12 Feminino	1 km	2008-2009
11:30	Sub12 Masculino	1 km	2008-2009
11:40	Sub14 Feminino	1 km	2006-2007
11:50	Sub14 Masculino	1 km	2006-2007
12:00	Sub16 Feminino	1 km	2004-2005
12:10	Sub16 Masculino	1 km	2004-2005
12:20	Milla Popular Feminina ¹	1.609 m	2003 e anteriores
12:35	Milla Popular Masculina ¹	1.609 m	2003 e anteriores
12:55	Carreira Patrulla Canina	150 m	2012-2013-2014
13:05	Carreira Bob Esponja	80 m	2015-2016-2017-2018
13:15	Milla ÉLITE-Federada Feminina	1.609 m	2003 e anteriores
	Milla ÉLITE-Federada Masculina ²	1.609 m	2003 e anteriores
13:25	Andaina ³	500 m	Tódalas idades
13:40 - ENTREGA DE PREMIOS			

O horario poderá ser modificado en función da participación.

¹ Categorias Milla Popular

A: ata 35 anos

B: de 36 a 49 anos

C: de 50 anos en adiante


² Os homes sairán 40 segundos despois das mulleres

³ Non haberá clasificación nin premios

4. **Cámara de Chamadas:** Estará sita preto da saída e será de obrigado cumprimento presentarse nela ós xuices ate quince minutos antes de cada proba.
5. **Inscricións:** Será GRATUITA e tódolos corredores deberán realizala na web da Federación Galega de Atletismo (www.carreirasgalegas.com) antes das 23:59 horas do xoves 15 de novembro de 2018.



6. Poderán participar atletas federados e non federados agás nas millas Élite nas que só poderán participar atletas federados, no caso de non pór o número da súa licenza, serán inscritos automaticamente na milla popular. Anímase a todas e todos a participar na Andaina.
7. **Retirada de dorsais:** A partir das 9 horas na Avenida Montero Ríos ata 30 min antes de cada proba.
8. **Percorrido:** será ao longo do paseo da Avenida de Montero Ríos de Pontevedra, nun circuito de 500 metros cada volta. O lugar de saída será a altura da Deputación provincial.



9. **Premios:**
 - Medallas personalizadas ANEDIA 2018, para aos/ás 1º, 2º e 3º clasificados/as en cada categoría establecida no regulamento.
 - Agasallos para todos os participantes nas carreiras, Bob Esponja e Patrulla Canina. Avituallamiento sólido e líquido A TODOS os participantes.
10. **Participación de atletas de outras federacións autonómicas e extranxeiros:** Rexirase de acordó co disposto no artigo 3.4. do "Reglamento para las competiciones de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre" da tempada 2016-2017

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf



11. **Reclamacións:** deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
12. Serán motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

- a) Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.
- b) **ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifieste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.
- c) **SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.
- d) **ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.
- e) **LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.